

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE XANEIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:35 horas do día 22 de xaneiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 18 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2b e 3)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445) (emenda da documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 14 de xaneiro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (RESSA) para que emendase a documentación persoal. Durante o prazo concedido o citado licitador presentou documentación.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (RESSA) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de xaneiro de 2019 que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 31-12-2018 e 2-01-2019, para a contratación por procedemento aberto da "Execución das obras e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:44	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94H-ECB7B3-3BA1EH-B8Y75X-71AW7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

subministras incluídas no proxecto Parque Infantil de Bouzas. EXPTE. 11207446" que rematou o día 18 de xaneiro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. ELSAMEX SA
2. LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.
3. JARDINCELAS SL
4. CALFENSA PROYECTOS ,SL

Así mesmo, o día 18 recibíuse un fax, con pegada dixital, da empresa BRICANTEL ESPAÑA SL, anunciando o envío da súa oferta, recibíndose vía rexistro electrónico no día de hoxe".

A secretaria informa que o Servizo de Contratación recibiu o 18 de xaneiro de 2019 a pegada dixital de BRICANTEL ESPAÑA, S.L.

A Mesa de Contratación considera que aínda que o sobre electrónico da empresa BRICANTEL ESPAÑA, S.L. foi presentado fóra do prazo de presentación de ofertas que remataba o 18 de xaneiro de 2019, o licitador cumpriu cos requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 14.2 do PCAP, xa que esta cláusula non fixa expresamente nin a forma nin o prazo de presentación do sobre electrónico.

A Secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ELSAMEX, S.A.U.
 2. CALFENSA, PROYECTOS, S.L.
 3. BRICANTEL ESPAÑA, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.: deberá presentar o Anexo VII "grupo de empresas" esixido na cláusula 14.2A do PCAP.
 2. JARDINCELAS, S.L.: no documento europeo único de contratación (DEUC) presentado no sobre A declara a súa solvencia económica e a técnica, neste segundo caso mediante contratos similares, pero non declara nada respecto dos certificados ISO-9001 e ISO-14001 ou equivalentes, esixidos no apartado 5D do Anexo I do PCAP. En consecuencia, se o licitador posúe os certificados esixidos deberá emendar o DEUC facendo constar tal circunstancia na parte IV (ben indicando que cumpre todos os criterios de selección requiridos ou ben cumprimentando o apartado D "¿Poderá o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:44	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94H-ECB7B3-3BA1EH-B8Y75X-71AW7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



operador económico presentar certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que cumpre as normas de aseguramento da calidade requiridas, en particular en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade?”).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder a varios licitadores a emenda da documentación persoal.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	A maior porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos do gasóleo A (B7), e gasolina 95 (E5)		Incremento horario mínimo establecido no PPT
		Porcentaxe baixa ofertada para o gasóleo “A” (B7)	Porcentaxe baixa ofertada para a gasolina “95” (E5)	
1	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U.	9,75%		si

Non asiste público á apertura.

De conformidade co previsto na cláusula 16.3 do PCAP “As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula” a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. a máxima puntuación (apartado 7 do ANEXPO I -FEC- do PCAP):

	Licitador	Mayor porcentaxe de desconto a aplicar ós prezos do gasóleo A (B7), e gasolina 95 (E5)	Incremento horario mínimo establecido no PPT	Puntuación total
1	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U.	97 puntos	3 puntos	100 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:44	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94H-ECB7B3-3BA1EH-B8Y75X-71AW7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

14.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) (cumprimento resolución 113/2018 do TACGal)

Retírase este asunto da orde do día.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

Retírase este asunto da orde do día.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta a declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:44	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94H-ECB7B3-3BA1EH-B8Y75X-71AW7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		